

RESOLUCIÓN REITORAL POLA QUE SE CONVOCAN “PREMIOS Á EXCELENCIA ACADÉMICA” PARA O ESTUDANTADO QUE INICIA ESTUDOS DE GRAO NA UNIVERSIDADE DE VIGO NO CURSO ACADÉMICO 2023/2024

A Universidade de Vigo, comprometida coa cultura do aproveitamento académico e do esforzo, quere atender de xeito especial aos/ás estudantes que obtiveron resultados relevantes nas distintas fases das Olimpíadas científicas e aqueles/as que destacan de xeito particular por unha traxectoria curricular de excelencia nos estudos de ensino secundario, previos a súa incorporación á universidade.

Unha vez vista a *Lei 9/2007 de Subvencións de Galicia*, as disposicións aplicables da *Lei 38/2003, do 17 de novembro, Xeral de Subvencións* e as súas normativas de desenvolvemento.

En virtude das facultades que lle outorgan a *Lei orgánica 2/2023, de 22 de marzo, do Sistema Universitario* e o artigo 72 do *Decreto 13/2019, do 24 de xaneiro*, polo que se aprobaron os Estatutos desta universidade,

ESTA REITORÍA RESOLVE:

1. Convocar, en réxime de concorrencia competitiva, 60 premios á excelencia académica para estudantes que inician estudos de Grao no curso 2023/2024, que serán xestionados de acordo coas bases reguladoras que figuran no Anexo I.
2. Publicar esta convocatoria e as bases que a regulan no taboleiro da sede electrónica <https://sede.uvigo.gal/> e no [Portal de bolsas](#) da web da Universidade de Vigo.

Contra esta resolución, que esgota a vía administrativa, poderase interpoñer recurso perante a xurisdición contencioso-administrativa, no prazo de dous meses contados a partir do día seguinte da súa publicación, de conformidade co disposto na *Lei 29/1998 do 13 de xullo, reguladora da xurisdición contencioso-administrativa*.

Así e todo, as persoas interesadas poderán optar por interpoñer un recurso de reposición, no prazo dun mes contado a partir do día seguinte de se publicar a presente resolución, perante o mesmo órgano que a ditou. Neste caso, non caberá interpoñer o recurso contencioso-administrativo namentres non recaia resolución expresa ou presunta do recurso de reposición, de acordo co disposto na *Lei 39/2015, de 1 de outubro, do procedemento administrativo común das administracións públicas*.

Vigo, na data de sinatura electrónica
O reitor
Por delegación RR 22/06/2022 (DOG 06/07/2022)
A vicerreitora de Estudantado e Empregabilidade,
Natalia Caparrini Marín



CSV : GEN-7256-83f2-ea9a-414d-135f-ba13-a30d-7efc

DIRECCIÓN DE VALIDACIÓN : <https://portafirmas.redsara.es/pf/valida>

FIRMANTE(1) : NATALIA CAPARRINI MARIN | FECHA : 17/07/2023 09:54 | NOTAS : F

ANEXO I

BASES QUE REGULAN OS PREMIOS Á EXCELENCIA ACADÉMICA PARA INICIO DE ESTUDOS DE GRAO NO CURSO 2023/2024

1. OBXECTO

Os premios teñen por obxecto incentivar a cultura do mérito e a excelencia, a través do recoñecemento ao estudantado cos mellores resultados académicos nos estudos previos ao seu ingreso na universidade, ou que teñan acadado un relevante éxito nas distintas fases das Olimpíadas científicas.

Convócanse 60 premios distribuídos do seguinte xeito:

- 13 premios ao estudantado con premio extraordinario de Bacharelato ou Ciclo Superior.
- 12 premios ao estudantado clasificado en postos relevantes das fases internacional, nacional ou autonómica dalgunha das Olimpíadas científicas.
- 25 premios ao estudantado con excelente resultado académico no Bacharelato.
- 10 premios ao estudantado con excelente resultado académico no Ciclo Superior.

2. REQUISITOS DAS PERSOAS SOLICITANTES

Pode participar nesta convocatoria o estudantado que cumpra os seguintes requisitos:

- a) Estar matriculado no curso 2023/2024 por primeira vez en estudos oficiais de Grao en centros propios da Universidade de Vigo ou en centros adscritos de titularidade pública que imparten titulacións non impartidas en centros propios (Enfermaría Ourense, Enfermaría Pontevedra e Enfermaría Meixoeiro).
- b) Ter finalizado os estudos de bacharelato ou ciclo superior no curso 2022/2023.
- c) Cumprir algún dos seguintes requisitos académicos:
 - i. Obter **premio extraordinario de Bacharelato ou Ciclo Superior** da Xunta de Galicia no curso **2022/2023**
 - ii. Estar clasificado do **1º ao 3º posto da fase autonómica, ou do 1º ao 8º posto das fases nacional ou internacional dalgunha das Olimpíadas científicas** celebradas no curso **2022/2023**, recoñecidas polo Ministerio de Educación e Formación Profesional, ou pola consellerías de educación das Comunidades Autónomas, ou do 1º ao 3º posto nas olimpíadas organizadas polas universidades públicas.
 - iii. Obter unha puntuación igual ou superior a **8,5 puntos** no expediente académico no **Bacharelato**.
 - iv. Obter unha puntuación igual ou superior a **9 puntos** no expediente académico no **Ciclo Superior** de formación profesional.

Non poden ter a condición de beneficiarios/as persoas nas que conorra algunha das circunstancias establecidas no artigo 13.2 da *Lei 38/2003 Xeral de Subvencións, de 17 de novembro*.



3. COMPATIBILIDADE

Os premios que se establecen nesta convocatoria son compatibles con calquera outro premio ou axuda.

No caso de ter opción a varias modalidades desta convocatoria concederáse unicamente 1 premio.

4. DOTACIÓN, CONTÍA E PAGAMENTO

1. Os fondos destinados irán con cargo á aplicación orzamentaria 2023 0000 121D 482.12, e o importe máximo do crédito orzamentario retido ascende a 36.000,00€ para o que se achega o correspondente certificado de existencia de crédito.

2. A contía individual de cada premio é de **600 €**.

3. O pagamento do premio efectuarase mediante transferencia á conta bancaria indicada pola persoa beneficiaria na súa solicitude e da que deberá ser titular.

5. PRESENTACIÓN DE SOLICITUDES E DOCUMENTACIÓN

1. As persoas solicitantes deberán encher o **formulario en liña** no seguinte enlace <https://secretaria.uvigo.gal/uv/web/formularios/admin/encuesta/edit/12413>, **descargalo e presentalo na sede electrónica** da Universidade de Vigo (<https://sede.uvigo.gal>) a través da Instancia Xenérica (SXER) existente na sede, poñendo en **asunto** “*premios excelencia académica inicio grao*”, achegando unicamente o arquivo coa solicitude.

Para a presentación electrónica deste procedemento, a sede electrónica da Universidade de Vigo dispón de instrucións de axuda que deberán ser observadas en todo momento polas persoas solicitantes: https://www.uvigo.gal/sites/uvigo.gal/files/contents/paragraph-file/2020-06/Guia_rexistro_instancia_xenerica_gl.docx.pdf. En caso de dúbida, dificultades técnicas ou necesidade de máis información durante o proceso de presentación dos formularios, poderán dirixirse ao enderezo electrónico sede@uvigo.gal

O modelo específico de presentación de solicitudes é de uso obrigatorio para os interesados neste procedemento (art. 66.6 da Lei 39/2015 do 1 de outubro, do procedemento administrativo común das administracións públicas). Se algunha das persoas interesadas presenta a súa solicitude presencialmente, se lle requirirá para que a emenda a través da súa presentación electrónica. A estes efectos, considerarase como data de presentación da solicitude aquela na que foi realizada a emenda, de acordo ao artigo 68.4 da *Lei 39/2015, do 1 de outubro, do procedemento administrativo común das administracións públicas*.

2. O prazo de presentación das solicitudes comezará o día seguinte a publicarse esta convocatoria e rematará o **29 de setembro de 2023** ás 23:59 horas (hora peninsular española).

3. Así mesmo deberán subir, segundo corresponda, a seguinte documentación ao formulario en liña (non hai que subir a documentación á Sede Electrónica):

- Acreditación do **premio extraordinario** de Bacharelato ou Ciclo Superior.
- Acreditación da **Olimpíada Científica**.
- **Certificación académica** do Bacharelato ou Ciclo Superior, con nota media.
- No caso de estudos estranxeiros de bacharelato, **declaración de equivalencia** da nota media.



Tamén se lles poderá requirir que acheguen outra documentación que resulte necesaria para a correcta avaliación de requisitos e méritos alegados. O feito de non achegar a documentación requirida será causa de exclusión.

6. SELECCIÓN E RESOLUCIÓN

A Sección de Axudas e Bolsas logo de rematar o prazo de presentación de solicitudes e unha vez examinadas estas e a documentación presentada, publicará a **listaxe provisoria de solicitudes admitidas e excluídas**, coa mención da causa de exclusión.

As persoas interesadas disporán dun prazo de **dez días hábiles** contados desde o día seguinte á publicación para emendar os erros, a falta de documentación e as causas de exclusión. Para tal fin deberán empregar o **formulario de alegacións** existente na Secretaría Virtual. De non presentar emenda entenderase que desiste da súa solicitude previa resolución ditada conforme á *Lei 39/2015 de 1 de outubro*.

A selección será efectuada pola comisión de avaliación de acordo cos seguintes criterios:

- Olimpíadas científicas: prevalecerá a fase internacional, sobre a nacional, e esta sobre a autonómica e esta sobre a universitaria. Dentro de cada fase terá preferencia o 1º posto sobre o 2º, este sobre o 3º e así sucesivamente.
- No resto dos méritos os premios adxudicaranse de maior a menor puntuación da nota media do expediente académico. No caso de empate adxudicáraselle á persoa con maior nota media de acceso.

De resultar vacantes nalgún dos colectivos, os premios serán redistribuídos entre a lista de agarda dos outros colectivos proporcionalmente ao número de axudas ofertadas ata esgotar o crédito previsto.

No caso de que o número de persoas admitidas sexa inferior ao de bolsas ofertadas aplicarase o procedemento abreviado establecido no artigo 22 da Lei 9/2007, de 13 de xuño, de subvencións de Galicia, polo que a Sección de Axudas e Bolsas formulará directamente a proposta de concesión á vicerreitoría de Estudantado e Empregabilidade.

A comisión de avaliación está composta por:

- Presidenta: Natalia Caparrini Marín, vicerreitora de Estudantado e Empregabilidade
- Secretaria: María Guadalupe Fernández Romero, xefa da Sección de Axudas e Bolsas
- Vogal: Rosa Graña Costas, xefa do Servizo de Axudas ao Estudo, Bolsas e Prezos Públicos

Se, por calquera causa, no momento en que a comisión avaliadora teña que examinar as solicitudes, algunha das persoas non pode asistir, substituirase pola persoa que para o efecto se nomee. Este nomeamento deberá recaer noutra persoa da mesma unidade, órgano, entidade ou colectivo.

Unha vez que a comisión efectúe a selección, a Sección de Axudas e Bolsas publicará a **listaxe provisoria de persoas con premio concedido, denegado** coa mención da causa de denegación e a **listaxe de agarda** para o caso de existiren renuncias.



As persoas interesadas poderán presentar alegacións no prazo de **dez días hábiles**, contados desde o día seguinte á publicación. Para tal fin presentarán o *formulario de alegacións* na Secretaría Virtual.

Unha vez que a comisión revise as alegacións, enviaralle a proposta á vicerreitora de Estudantado e Empregabilidade quen adxudicará as bolsas mediante a correspondente resolución.

As persoas interesadas poderán entender desestimadas as solicitudes de non se ditar resolución expresa no prazo de 3 meses contados desde o día seguinte ao do remate do prazo de presentación de solicitudes.

A resolución conterà a listaxe definitiva de persoas con premio concedido e a súa contía, as persoas con premio denegado e a causa de denegación, e a listaxe de agarda para o caso de existiren renuncias.

Contra esta resolución, que esgota a vía administrativa, poderase interpoñer un recurso perante a xurisdición contencioso-administrativa, no prazo de dous meses a contar desde o día seguinte ao da súa publicación, de conformidade co disposto na *Lei 29/1998, do 13 de xullo, reguladora da xurisdición contencioso-administrativa*.

As persoas interesadas poderán optar por interpoñer contra esta resolución un recurso de reposición, no prazo dun mes contado a partir do día seguinte ao da súa publicación, perante o mesmo órgano que a ditou. Neste caso non se poderá interpoñer un recurso contencioso-administrativo ata que sexa resolto expresamente ou se producise a desestimación presunta do recurso de reposición interposto, segundo o previsto no artigo 123.2 da *Lei 39/2015, do 1 de outubro, do procedemento administrativo común das administracións públicas*.

As listaxes ás que se refire este punto así como a resolución de adxudicación publicaranse no taboleiro da sede electrónica <https://sede.uvigo.gal/> e no [portal de bolsas](#) da web da universidade, cos efectos de notificación previstos no artigo 45 da *Lei 39/2015, do 1 de outubro, do procedemento administrativo común das administracións públicas*.

As comunicacións individuais que resulten necesarias realizaranse ao correo electrónico sinalado na solicitude, sen que estas teñan a consideración de notificación.

7. RENUNCIA

A renuncia voluntaria deberá realizarse mediante o **formulario de renuncia** existente na secretaria virtual e presentado na sede electrónica da Universidade de Vigo <https://sede.uvigo.gal/> dirixido á Sección de Axudas e Bolsas, xunto co xustificante de reintegro da contía correspondente no caso de terse efectuado o pagamento. As renuncias aceptadas darán lugar á perda dos dereitos económicos e á concesión da bolsa á seguinte persoa da listaxe de agarda.

8. OBRIGAS

A persoa beneficiaria deberá estar matriculada durante todo o curso académico 2023/2024.

Ademais o/a beneficiario/a debe cumprir as obrigas recollidas no artigo 14.1 da *Lei 38/2013, de 17 de novembro, Xeral de Subvencións*, que lle sexa de aplicación.



9. REINTEGRO DOS PREMIOS E PERDA DE DEREITO DE COBRO TOTAL OU PARCIAL

Son causas de reintegro e perda de dereito de cobro destes premios:

- Non cumprir os requisitos e obrigas recollidas na convocatoria.
- A ocultación de datos, alteralos ou manipular a información solicitada.

A persoa beneficiaria que incorra nalguna destas causas, está obrigada a reintegrar á Universidade a cantidade indebidamente percibida.

10. TRANSPARENCIA

1. De conformidade co artigo 17 da *Lei 1/2016, do 18 de xaneiro, de transparencia e bo goberno*, e co artigo 15 da *Lei 9/2007, do 13 de xuño, de subvencións de Galicia*, a Universidade de Vigo publicará na súa páxina web oficial a relación das persoas beneficiarias e o importe das axudas concedidas, así como as sancións que puideren impoñerse, polo que a presentación da solicitude leva implícita a autorización para o tratamento necesario dos datos das persoas beneficiarias e a referida publicidade.

2. En virtude do disposto no artigo 4 da *Lei 1/2016, do 18 de xaneiro, de transparencia e bo goberno*, as persoas físicas e xurídicas beneficiarias de subvencións están obrigadas a subministrar á Universidade de Vigo, logo de requirimento, toda a información necesaria para o cumprimento por aquela das obrigas previstas no título I da citada lei. Porén, non será necesaria a publicación cando o órgano concedente xulgue que se dan as previsións do artigo 15.2.d) da *Lei 9/2007, do 13 de xuño, de subvencións de Galicia*.

11. PROTECCIÓN DE DATOS

Información sobre a política de protección de datos en:

https://www.uvigo.gal/sites/uvigo.gal/files/contents/paragraph-file/2019-11/Texto_%20proteccion_datos_para_CONVOCATORIAS_bolsas.pdf

